

XUNTA DE GALICIA  
XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA  
EDIFICIO ADMINISTRATIVO MONELOS, S/N  
RUA VICENTE FERRER, Nº 2, 5º  
15071- A CORUÑA

**EXPEDIENTE: INCUMPRIMENTO DA DECLARACION DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE EXPLOTACIÓN DA CONCESIÓN CASALONGA II, Nº 6696, TM DE TEO**

Pola presente, e en relación co expediente de referencia, solicitamos se revise as condicións actuais da explotación da concesión Casalonga II, nº 6696, Tm de Teo, en relación cun posible incumprimento da Declaración de Impacto Ambiental de data 9 de xaneiro de 2001, modificada en data 3 de abril de 2001.

Tendo en conta que desde Augas de Galicia se nos comunicou a proposta de resolución dun expediente sancionador incoado a Toca Salgado, SL, por unha infracción leve consistente no vertido de augas residuais á cunca do río Tinto a causa do baleirado procedente do antigo oco da explotación mineira sen destinalas á reutilización, en incumprimento do previsto na cláusula 4ª da autorización de vertido ditada por resolución de Augas de Galicia de data 11/03/036, modificada por Resolucións de data 07/07/09 e 27/02/19, no expediente DH.V15.13781, para as instalacións industriais do interesado ubicadas en Casalonga.

Logo de ver que a propia Augas de Galicia indica na Resolución de data 13/01/2020 que *“o denunciado está a actuar intencionadamente – o baleirado do oco da explotación non se produce por negligencia senón por vontade, de xeito que é perfectamente consciente de que está a incumprir a autorización de vertido – e ademais que está a persistir na conducta infractora...”*.

Tendo en conta que este Concello xa solicitou a Augas de Galicia a revisión da autorización de vertido, polo seu reiterado incumprimento, en data de hoxe.

Logo de ver o incumprimento claro do condicionado 3 da DIA de data 2001, sobre a protección das augas, que concreta toda unha serie de medidas para evitar vertidos como o que se está a producir na Concesión Casalonga II, o que se une a posibles incumprimentos doutros condicionados como o número 4 -protección do solo-; número 5 – protección da fauna-; número 7 -protección paisaxística-; e número 9 -restauración e revexetación-.

**Pregamos, polo tanto, se realice a revisión e inspección do cumprimento da Declaración de Impacto Ambiental de data 9 de xaneiro de 2001, modificada en data 3 de abril de 2001, para a concesión mineira Casalonga II, número 6696, tm de Teo.**

**En caso de se comprobe tal incumprimento, pregamos se proceda ao establecido na propia DIA, condicións adicionais número 12.8 e 12.9: ben á suspensión cautelar ata a corrección dos incumprimentos, ben ao peche cautelar e a adopción de medidas oportunas en cumprimento da legalidade vixente.**

A concelleira de Urbanismo

(P.D.Res. de 03/07/19, núm. 524/19)

Uxía Lemus de la Iglesia